

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2024

PRESIDENTA:

A alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catorce de maio do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE MAIO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de maio de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de maio de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, pola que se actualiza o Anexo I incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 114, do 10-05-2024.

- Secretaría de Gobierno, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, edicto de nomeamento de xuíza de paz titular de Cambre. BOO núm. 93, do 14-05-2024.

3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 584/2024, DO 7 DE MAIO, POLA QUE SE DELEGA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, COMO ÓRGANO COLEXIADO, E COS EFECTOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 74 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL, DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 584/2024, do 7 de maio, que se transcribe literalmente a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do

orçamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación.

Quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación:

- a dirección e xestión administrativa da contratación municipal
- a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído
- e a revisión de oficio dos actos nulos

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución”.

4.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA AO CAMBIO DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO, DESIGNACIÓN COMO PERSOA ENCARGADA DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE E DESIGNACIÓN COMO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á ACTUACIÓN DENOMINADA “REORDENACIÓN DA CONTORNA DO PARQUE INFANTIL DA RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da Alcaldía de data 9 de maio de 2024 (CVD: KLEW6wizhbb44HFefrcs), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación da obra de “Reordenación del entorno del parque infantil de la C/. Francisco Rodríguez” que consta na plataforma TEDeC con número 2022/C003/000020.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/12/2023 adjudicouse a obra de “Reordenación del entorno del parque infantil de la C/. Francisco Rodríguez” a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L. no prezo ofertado de 74.489,31 euros sen IVE, 90.132,07 € euros IVE incluído e designouse como responsable do

contrato o xefe de sección de planeamento e xestión, José Agustín Barca Cotelo, formalizándose dito contrato o 09.01.2024

Visto que a coordinación de seguridade e saúde corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do contrato de "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto que o control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre corresponde á entidade a 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA S.C.G adxudicataria do contrato de "servizo de control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 15/06/2021 (exp. 2020/C004/000021).

Visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do día 01/03/2024, (CVD: Q1vdkFZkM53ENP+DHMZx) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

Por todo o exposto, realízase a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro: Designar como persoa encargada do servizo de control de calidade da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en ciencias químicas, de 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, dentro do contrato 2020/C004/000021.

Segundo: Designar como coordinador de seguridade e saúde da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial, de Gallega de Coordinacións, S.L., dentro do contrato 2020/C004/000022.

"(...)"

Vista a providencia asinada polo concellerio delegado de urbanismo, obras e servizos, do día 01/03/2024 (CVD: zrNs+mXJzcc04iAVv8dr) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

Por todo o exposto, realízase a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro: Cambiar a designación de responsable do contrato correspondente á actuación denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez" (estando designado don Agustín Barca Cotelo) a favor de don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección servizos, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Designar como persoa encargada do servizo de control de calidade da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en ciencias químicas, de 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, dentro do contrato 2020/C004/000021.

Terceiro: Designar como coordinador de seguridade e saúde da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial, de Gallega de Coordinacións, S.L., dentro do contrato 2020/C004/000022.

"(...)"

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06.02.2024 polo que se designa como responsable do contrato ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe de sección de obras e servizos, Óscar Souto Muiño, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Visto o informe técnico de secretaría do día 09.04.2024 (CVD: 7o2koZsWZ6ey+rs7LhLI) emitido pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da seretaria xeral, no que entre outras cousas sinala:

“(…)

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo e da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que poderá ser ampliado.

ANTECEDENTES

Os que figuran no expediente TEDEC 2022/C003/000020, entre os que hai que salientar a proposta do Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos (CVD: zrNs+mXJzcc04iAVv8dr) do día 01.03.2024 que, entre outras cousas, di:

“(…)

Segundo: Designar como coordinador de seguridade e saúde da obra denominada “Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”, a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial, dentro do contrato 2020/C004/000022.

Terceiro: Designar como técnica do control de calidade da obra denominada “Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”, a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en ciencias químicas, de 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, dentro do contrato 2020/C004/000021.

“(…)”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable. Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*
- *Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)*

Segunda.- Obrigatoriedade dos prazos de duración e de execución dos contratos.

A obrigatoriedade dos termos e prazos ven establecida, con carácter xeral, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

“Artículo 29. Obrigatoriedade de términos y plazos.

Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos".

En materia de contratación administrativa, o Consello de Estado declarou en numerosas ocasións que o vencemento do prazo de duración determina a extinción dos contratos. Así, nos dictames números 349/2017, 350/2017 y 351/2017, de 14 de setembro de 2017, o Consello de Estado afirma o seguinte:

«Este Cuerpo Consultivo ha dicho reiteradamente que los contratos administrativos son negocios jurídicos a plazo fijo y que la duración es uno de sus elementos esenciales. [...]

En el caso presente [...], el contrato quedó extinguido por el vencimiento de su plazo. Y debe concluirse también que la denegación de la solicitud de prórroga formulada por el contratista, cuando ya había transcurrido dicho plazo, [...] fue conforme a Derecho. En consecuencia, el contrato se extinguió ipso iure al vencer su duración, sin perjuicio de que subsistieran determinados efectos reflejos».

Calquera intento de relativizar a transcendencia dos prazos no procedemento administrativo español resulta inxustificable posto que os mesmos operan (ou poden operar) de forma decisiva no seno de calquera expediente.

No suposto que nos ocupa, tanto o contrato do servizo de "Asistencia técnica para o servizo do control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000021) coma o contrato do servizo de "Coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000022) remataron a súa vixencia o día 31.12.2023.

Tamén expirou o prazo para a firma da acta de comprobación do replanteo da obra á que pretenden aplicárselle os ditos servizos, sen que a citada acta conste incorporada ao expediente (segundo a cláusula 18.1 do PCAP a acta de comprobación do replanteo debía efectuarse dentro do mes seguinte á formalización do contrato, que tivo lugar o día 09.01.2024).

Así, tendo en conta o incumprimento dos prazos que afectan á proposta do concelleiro delegado, infórmase desfavorablemente a mesma.

Terceira.- Xustificación da insuficiencia de medios.

Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto na consideración xurídica anterior, no caso de ser outro o criterio do órgano de contratación deberá incorporarse ao expediente informe respecto da insuficiencia de medios persoais polos motivos que a continuación se expoñen:

Segundo o artigo 30.3 da LCSP, a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, logo da debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Debe ser o xefe da área, por ser quen ten un coñecemento máis amplo do persoal desta e as tarefas que desenvolven os titulares de cada posto de traballo, quen xustifique nos casos nos que se opte pola contratación externa de servizos, a insuficiencia de medios para a realización da prestación que pretende contratarse, con incorporación de datos, estudos, estatísticas e carga de traballo de cada un dos postos existentes no cadro de persoal do departamento (tanto dos actualmente existentes como os que se prevén cubrir por atoparse convocados e en curso os correspondentes procesos selectivos); e tamén informar da inconveniencia (no seu caso) da ampliación dos medios persoais dos que dispón o concello para a realización das ditas prestacións. Isto, tendo en conta que se o que se pretende contratar son funcións propias do persoal do Concello, non resulta axustado a dereito acudir á contratación administrativa.

Especialmente ilustrativa resulta a Sentenza 265/2018, de 25 de setembro, do Contencioso Administrativo núm. 6 de Valencia que declara a nulidade dunha licitación por non motivarse debidamente a falta de medios persoais da administración contratante:

“(...)

Pues bien, en la presente litis no se ha motivado el número de asuntos e intervencións que se han tenido en esta materia, cuántos actos administrativos han sido dictados, por quien y cual es su situación actual en la plantilla municipal, si los mismos han derivado en impugnaciones y estimación de las mismas por falta de motivación o incorrecciones jurídicas fácilmente subsanables, etc. Tampoco se ha acreditado que el objeto del contrato no se hallara ya cubierto por los asesores internos, titulación de éstos, alcance en su caso del contrato de asesoría jurídica en otros ámbitos. Contestar nuevamente que dichas funciones de asesoramiento que se necesitan no tienen un carácter continuado en el tiempo sino esporádico, además de que constituye una afirmación que debería haber sido enunciada y probada documentalmente en el informe previsto en dicho artículo 22, contradice la naturaleza del contrato pues se opta por un contrato de servicios remunerado a precio a tanto alzado y no por cada concreto informe que se otorgue.

Por ello, procede estimar el recurso declarando la nulidad de dicho anuncio de licitación y actuaciones posteriores.

(...)”.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, infórmase desfavorablemente a proposta do Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 01.03.2024 (CVD: zrNs+mXJzcc04iAVv8dr).

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se dereivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)”.

Vista a dilixencia de intervención do día 11.04.2024 (CVD: Y+qgEeiYgNBdZnf3QnkD) no que entre outras cousas sinala:

“(...)

Visto o acordo da XGL de 11.04.2023 relativo á prórroga do contrato do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre” ata o 31.12.2023 (expediente TEdEC 2020/C004/000021) nos mesmos termos nos que foi adxudicado.

Visto o acordo da XGL de 11.04.2023 relativo á prórroga do contrato do “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre” (expediente TEdEC 2020/C004/000022), ata o 31.12.2023, nos mesmos termos nos que foi adxudicado.

Vista a proposta de designación de coordinador de seguridade e saúde e de control de calidade da obra “Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”(expd. 2022/C003/000020), asinada o 01.03.2024 polo concelleiro-delegado Juan González Leirós (CVD: zrNs+mXJzcc04iAVv8dr)

Visto o informe desfavorable de secretaría có asunto Designación da persoa coordinadora do control da seguridade e saúde e da persoa coordinadora do control de calidade da obra Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez (expediente TEdEC 2022/C003/000020), asinado o 09.04.2024 (CVD: 7o2koZsWZ6ey+rs7LhLI)

Emito a seguinte,

DILIXENCIA

Tanto o contrato do servizo de "Asistencia técnica para o servizo do control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000021) coma o contrato do servizo de "Coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000022) remataron a súa vixencia o día 31.12.2023. Polo tanto, infórmase **desfavorablemente** a proposta de designación de coordinador de seguridade e saúde e de control de calidade da obra "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez"(expd. 2022/C003/000020), asinada o 01.03.2024 polo concelleiro-delegado Juan González Leirós (CVD: zrNs+mXJzcc04iAVv8dr). En consecuencia o **gasto** que, no seu caso, derive de dito nomeamento e que será asumido có crédito existente a nivel de bolsa de vinculación, será **obxecto de reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL**.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente a presente dilixencia na data que figura na marxe.

(...)"

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras publicas municipal interino, Albero Serrano Souto do día 25.04.2024 (CVD: B+z1TIPYhjccxFirdM24) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

1. RESPUESTA ACLARATORIA AL INFORME DE SECRETARÍA DE FECHA 09/04/2024, CON CONSIDERACIONES DESFAVORABLES A LA DESIGNACIÓN DE LA PERSONA COORDINADORA DEL CONTROL DE SEGURIDAD Y SALUD Y DE LA PERSONA COORDINADORA DEL CONTROL DE CALIDAD DE LA OBRA

El informe de Secretaría concluye en su consideración Segunda que el contrato del Control de Calidad y el contrato de Coordinación de Seguridad y Salud acabaron su vigencia el día 31/12/2023

Segunda.- *Obrigatoriedade dos prazos de duración e de execución dos contratos.*

"...

No suposto que nos ocupa, tanto o contrato do servizo de "Asistencia técnica para o servizo do control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000021) coma o contrato do servizo de "Coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000022) remataron a súa vixencia o día 31.12.2023.

...

Así, tendo en conta o incumprimento dos prazos que afectan á proposta do concelleiro delegado, infórmase desfavorablemente a mesma.."

Respuesta aclaratoria:

El PPT del Control de Calidad establece, en su apartado 16, Plazo de ejecución, lo siguiente:

"...

En el supuesto de que la obra u obras objeto del control de calidad no finalizaran dentro del plazo de ejecución del presente contrato, la empresa adjudataria deberá continuar prestando sus servicios de control hasta la finalización de las mismas, a los precios fijado en el presente contrato y sin que suponga, por tanto, incremento en el precio de

adjudicación, produciéndose en consecuencia la ampliación de plazo de ejecución del contrato solo por lo que respecta a la referida obra u obras y hasta su finalización, previos los ajustes presupuestarios y contables correspondientes (existencia de crédito adecuado y suficiente) aprobados por el órgano de contratación.

...”

A la vista de la transcripción del PPT del contrato del Control de Calidad en su apartado 16, el técnico que suscribe entiende que la obra del contorno de rúa Francisco Rodríguez, no se encuentra finalizada actualmente, siendo adjudicada (con fecha 19/12/2023) con anterioridad a la finalización de la vigencia del contrato del Control de Calidad (con fecha 31/12/2023).

Asimismo, el artículo 29.7 de la LCSP recoge lo siguiente:

(...) No obstante lo dispuesto anteriormente, los contratos de servicios que sean complementarios de otros contratos de obras o de suministro podrán tener un plazo de vigencia superior al señalado en el apartado 4 que, en ningún caso, excederá del plazo de duración del contrato principal, salvo en los contratos que comprendan trabajos relacionados con la liquidación del contrato principal, cuyo plazo final excederá al del mismo en el tiempo necesario para realizarlos.

Ha de entenderse por contratos complementarios aquellos que tienen una relación de dependencia respecto de otro, el principal, y cuyo objeto se considere necesario para la correcta realización de la prestación o prestaciones a las que se refiera dicho contrato principal.” (...)

El técnico que suscribe entiende que los contratos de Coordinación de Seguridad y Salud y del Control de Calidad son contratos complementarios del contrato principal, en este caso, el contrato de la obra del contorno de rúa Francisco Rodríguez, proporcionando las prestaciones necesarias para el aseguramiento de la calidad, por un lado, y la vigilancia y control de las condiciones de seguridad y salud en las que se ejecuta dicha obra.

La labor asignada a las empresas adjudicatarias en el marco de los contratos de Coordinación de Seguridad y Salud y control de Calidad se extiende más allá de la propia ejecución de la obra, existiendo una fase inicial previa al inicio de las obras, una fase de ejecución de la obra y una fase final, posterior a las obras, para el desarrollo de sus actividades.

En el caso del contrato de Coordinación de Seguridad y Salud, entre las tareas encomendadas al Coordinador de Seguridad y Salud en fase de proyecto figura la aprobación del Plan de Seguridad y Salud a elaborar por el Contratista o Contratistas, y que debe ser aprobado antes del inicio de las obras, tal y como recoge el artículo 7 del Real Decreto 1627/1997, de 24 de octubre, por el que se establecen disposiciones mínimas de seguridad y de salud en las obras de construcción.

De acuerdo con el anterior párrafo, el inicio de las obras no se podría iniciar con la firma del acta de replanteo, sin tener aprobado el Plan de Seguridad y Salud, pudiendo llegar a afectar a los plazos de obra.

El técnico que suscribe entiende, que, de manera análoga, en el contrato de Control de Calidad, existe también una fase previa al inicio de las obras, en donde es necesario proceder al análisis del proyecto constructivo y a la elaboración y propuesta de un Plan de ensayos de Control de Calidad a realizar durante la ejecución de las obras, por parte del Contratista y de la Dirección de Obra (DO), y cuyo contenido debe ser aprobado por la misma DO, tal y como viene recogido en el apartado 5 del PPT del contrato del Control de Calidad.

En otro orden, se aclara que la asunción de las responsabilidades derivadas de los contratos señalados en el presente informe, no pueden ser realizadas por la Sección de Servicios, al no disponer de los medios materiales y humanos necesarios para desempeñar estas labores.

En el caso del contrato de Coordinación de Seguridad y Salud, la Ley 38/1999, de 5 de noviembre, de Ordenación de la Edificación, en su Disposición Adicional Cuarta, establece que:

(...) Las titulaciones académicas y profesionales habilitantes para desempeñar la función de coordinador de seguridad y salud en obras de edificación, durante la elaboración del proyecto y la ejecución de la obra, serán las de arquitecto, arquitecto técnico, ingeniero o ingeniero técnico, de acuerdo con sus competencias y especialidades (...)

Sin embargo, el artículo 37 del Real Decreto 39/1997, de 17 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de los Servicios de Prevención designa las funciones a realizar por un técnico de nivel superior, entre las que cabe destacar, la definida en el apartado 1d)

(...) La planificación de la acción preventiva a desarrollar en las situaciones en las que el control o reducción de los riesgos supone la realización de actividades diferentes, que implican la intervención de distintos especialistas (...)

Para desempeñar estas funciones superiores, dicho artículo, en su apartado 2, establece que

(...) Para desempeñar las funciones relacionadas en el apartado anterior será preciso contar con una titulación universitaria oficial y poseer una formación mínima acreditada por una universidad con el contenido especificado en el programa a que se refiere el anexo VI, cuyo desarrollo tendrá una duración no inferior a seiscientos horas y una distribución horaria adecuada a cada proyecto formativo, respetando la establecida en el anexo citado. (...)

Partiendo de las consideraciones legales reflejadas, el PPT del contrato de Coordinación de Seguridad y Salud ya establece, en su apartado 17 que los técnicos deberán contar con el título oficial que capacite como Técnico de Prevención de Riesgos Laborales en las tres especialidades, así como una experiencia demostrable de 5 años como coordinador.

En el caso del contrato de Control de Calidad, el Concello no dispone de laboratorio alguno propio, y por tanto, no puede cumplir con la posesión de la correspondiente habilitación vigente como laboratorio LECCE debidamente inscrito en los registros generales de laboratorio de ensayo de CTE y de la Xunta de Galicia, de acuerdo con el Real Decreto 410/2010, de 31 de marzo, por el que se desarrollan los requisitos exigibles a las entidades de control de calidad de la edificación y a los laboratorios de ensayos para el control de calidad de la edificación, para el ejercicio de su actividad.

Esta Administración tampoco puede responder al requisito de posesión de un certificado de acreditación de tener superada satisfactoriamente la auditoría exigida en el Plan de Inspección de Laboratorios de ensayos para el control de calidad de edificación, establecido por el "Instituto Galego de Vivenda e Solo" (IGVS) para el cumplimiento del Decreto 31/2011 do 17 de febrero; con declaración suficiente para la ejecución de los ensayos y pruebas correspondientes a los grupos de áreas de ensayo recogidos en el PPT del contrato de Control de Calidad.

Estas consideraciones, recogidas como obligaciones para los Contratistas en el PPT del contrato de Control de Calidad, no pueden ser atendidas por esta Administración, ya que no cuentan con las instalaciones ni los medios necesarios para realizar ensayos de control de calidad. Asimismo, el Concello de Cambre no cuenta con los medios humanos requeridos en dicho Pliego, como es el caso del analista de laboratorio o el técnico titulado en Topografía o delineación.

No consta en la RPT ningún técnico que entre sus funciones incorpore las funciones específicas de Seguridad y Salud, así como de Control de Calidad, y asimismo el Concello carece de los medios materiales y humanos precisos para asumir estas tareas desde el punto de vista legal.

Por todo ello, el técnico que suscribe entiende que el Concello de Cambre no cuenta con los medios necesarios actualmente para desempeñar el contrato del Control de Calidad y el Contrato de Coordinación de Seguridad y Salud.

atendiendo a los requerimientos legales, así como las obligaciones contractuales incluidas en los pliegos de ambos contratos.

2. RESPUESTA ACLARATORIA AL INFORME DE SECRETARÍA DE FECHA 09/04/2024, EN EL QUE SE MANIFIESTA QUE HA EXPIRADO LA FIRMA DE COMPROBACIÓN DEL ACTA DE REPLANTEO DE LA OBRA

El informe de Secretaría concluye en su consideración Segunda que ha finalizado el plazo para la firma del acta de comprobación de replanteo de la obra, ya que este debía formalizarse antes del día 09/02/2023.

Segunda.- Obrigatoriedade dos prazos de duración e de execución dos contratos.

"...

Tamén expirou o prazo para a firma da acta de comprobación do replanteo da obra á que pretenden aplicárselle os ditos servizos, sen que a citada acta conste incorporada ao expediente (segundo a cláusula 18.1 do PCAP a acta de comprobación do replanteo debía efectuarse dentro do mes seguinte á formalización do contrato, que tivo lugar o día 09.01.2024)....

Así, tendo en conta o incumprimento dos prazos que afectan á proposta do concelleiro delegado, infórmase desfavorablemente a mesma.."

Respuesta aclaratoria:

El artículo 237. Comprobación del Replanteo de la LCSP recoge lo siguiente:

La ejecución del contrato de obras comenzará con el acta de comprobación del replanteo. A tales efectos, dentro del plazo que se consigne en el contrato que no podrá ser superior a un mes desde la fecha de su formalización salvo casos excepcionales justificados, el servicio de la Administración encargada de las obras procederá, en presencia del contratista, a efectuar la comprobación del replanteo hecho previamente a la licitación, extendiéndose acta del resultado que será firmada por ambas partes interesadas, remitiéndose un ejemplar de la misma al órgano que celebró el contrato.

A juicio del técnico que suscribe, este artículo permite posponer la firma del acta de replanteo más allá del plazo de un mes, siempre que se produzca un caso excepcional, como es el caso de la obra del contorno de rúa Francisco Rodríguez.

La justificación de esta excepcionalidad tiene su origen en la falta de personal al que se ha aludido en la consideración previa de este informe, y que afecta al Área de Urbanismo, con numerosas bajas y vacantes en los puestos de los técnicos que han llevado o llevan los contratos de obras.

La vacante del puesto de Ingeniero Técnico de Obras Públicas, que data del 28 de febrero de 2023, fecha en la que se inició la Comisión de Servicios de la persona titular del puesto, hasta la toma de posesión del técnico que suscribe de forma interina, el 15 de abril de 2024, ha provocado que la dirección del Contrato de la obra estuviera bajo la responsabilidad del Departamento de Urbanismo, departamento que ya sufre una elevada carga de trabajo con las funciones que le son propias, debido a las vacantes reconocidas en el propio informe de Secretaría.

Por dicho motivo, no se procedió a la reactivación del contrato hasta la incorporación al expediente de la providencia del Concelleiro de Urbanismo, Obras e Servizos, con fecha 01/03/2024, proponiendo que se cambiara la designación del responsable del contrato, ante la imposibilidad de hacer frente al mismo por el técnico anterior, firmándose la designación de los responsables de Control de Calidad y de la Coordinación de Seguridad y Salud por parte del nuevo responsable del contrato ese mismo día.

Las consideraciones desfavorables de dicha designación tardía no permiten la firma del Acta de replanteo, ya que como se ha hecho mención en este informe, es necesario contar con la figura del Coordinador de Seguridad y Salud (artículo 3.2 del Real Decreto 1627/1997, de 24 de octubre, por el que se establecen disposiciones mínimas de seguridad y de salud en las obras de construcción), y la figura del Técnico de Control de Calidad, de acuerdo al Artículo I.1.6.2.- Ensayos, lo que conllevaría que las mismas se mantuvieran estancadas en su etapa primigenia por falta de los recursos preventivos y de calidad precisos de acuerdo a la normativa vigente/sectorial por lo que estas estarían paradas, empezando a transcurrir los plazos de ejecución, y cuyo incumplimiento en cuanto a la demora de los plazos no podría atribuirse al Contratista.

CONCLUSIÓN:

En base a lo expuesto anteriormente en este informe, desde el punto de vista del técnico que suscribe, se considera resuelta y aclarada, la consideración desfavorable Segunda referida a la Propuesta de designación del Coordinador de Seguridad y Salud y de Control de Calidad de la obra de "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", firmado por el Ingeniero de Caminos Municipal y Jefe de la Sección de Servicios, con fecha 01/03/2024.

Lo que se informa a los efectos oportunos, sin perjuicio de lo que deban informar otros departamentos, y con las cautelas y precauciones necesarias derivadas las circunstancias recogidas en la consideración Previa.

(...)"

Vista a providencia asinada polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos Transportes e Medio Ambiente, do día 26/04/2024 (CVD: FUWdfkLhByX9V0n6PrA1) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2024, adoptou entre outros acordos, designar novo responsable de contrato para a contratación denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez. Cambre" a don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos.

Logo de ver que don Óscar Souto Muíño, está de baixa dende o 4 de marzo de 2024, faise necesario nomear novamente ao responsable de contrato.

Tendo en conta que na Sección de Servizos consta o enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, don Alberto Serrano Souto, quen pode facerse cargo do contrato que trae causa,

*Por todo o exposto, **RESOLVO:***

***Único:** Cambiar a designación de responsable do contrato corresponde á actuación denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez. Cambre", estando designado actualmente don Óscar Souto Muíño, a favor de don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Cambiar a designación de responsable do contrato correspondente á actuación denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez" a favor de don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Designar como persoa encargada do servizo de control de calidade da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en ciencias químicas, de 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, dentro do contrato 2020/C004/000021.

Tercero: Designar como coordinador de seguridade e saúde da obra denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial, de Gallega de Coordinaciones, S.L., dentro do contrato 2020/C004/000022.

Cuarto: Notificar este acordo ao adxudicatario e aos interesados, e dar traslado, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, ao departamento de obras e servizos para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Quinto: Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 9 de maio de 2024 (CVD: KLEW6wIzhbb44HFefrcs), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 3 ao 9 de maio de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 567/2024 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos Sociais e Recursos Humanos núm. 612/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
567/2024	03-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de maio de 2024
568/2024	03-05-2024	Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria "Old



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Navy Port Producciones, S.L.” para o lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.842,00 euros
569/2024	03-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MdelCDV
570/2024	03-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EJJ
571/2024	03-05-2024	Rectificar o erro detectado no primeiro parágrafo da parte expositiva da Resolución 516/2024, do 23 de abril, respecto da solicitude de concesión de distintas axudas por motivos de emerxencia social de RMG
572/2024	03-05-2024	Deixar sen efecto a designación de OSM, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos e designar responsable do contrato do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leras no Concello de Cambre, 2023” a IFD, enxeñeiro técnico industrial interino, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
573/2024	03-05-2024	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 8 de maio de 2024
574/2024	03-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución ao M de F para rectificar as deficiencias existentes na finca sita na travesía Igrexa, Temple, na zona de influencia de autoestrada AP-9, consistentes na existencia dun depósito de entullo, plásticos e desperdicios, de acordo co disposto polos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
575/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 18/12/2023 por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
576/2024	06-05-2024	Continuar coa prestación do servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación pública municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, que se ven prestando pola empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L. (INSTELEC) nos mesmos termos establecidos no “Contrato administrativo do servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación pública municipal, centros e instalacións dependentes do Concello

		de Cambre, iluminación ornamental de festas e nadal e outros, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de valoración, e con tramitación documental simplificada”, formalizado o día 20.11.2018 polo Sr. alcalde e o representante da dita empresa, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.
577/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 18/08/2023, por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
578/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para unha axuda para tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras, concretamente para lentes correctoras establecida no artigo 13, solicitada o 13/11/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: DJL
579/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para dous recibos de alugueiro, solicitada con data 22/06/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: EYR
580/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para dous recibos de alugueiro, solicitada con data 16/12/2023, por superar o límite máximo ao ano por unidade familiar de 600 euros para recibos de alugueiro establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MAVC
581/2024	06-05-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito complementario número 5/2024 por importe de 1.500,00 euros,” dentro do proxecto “2024/2/332/1 Novidades editoriais en galego e mellora de coleccións bibliográficas 2024”
582/2024	06-05-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: ASS
583/2024	06-05-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: DLR
584/2024	07-05-2024	Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local
585/2024	07-05-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora municipal no informe

		de data 29 de abril de 2024. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor número 2024/C002/000006 SERV. Adxudicar o contrato menor do «Servizo de docencia para impartir tres edicións do módulo transversal de "Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero" e de "Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica", dentro da formación do Plan formativo para o Emprego (Plan AFD 2023/24)», á licitadora Rocío Leis Lestón no importe de 1.728,00 euros
586/2024	07-05-2024	Alta aplicación PMH-Accede M.M.M.
587/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de alugueiro, solicitada con data 12/01/2024, por existir avalista no contrato de alugueiro. Solicitante: DRVV
588/2024	07-05-2024	Deixar sen efecto a designación de MMC e VJCG como responsables do contrato de obra "Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1 e 2", e designar responsable do dito contrato a ASS, enxeñeiro técnico de obras públicas interino, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
589/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 17/10/2023, por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
590/2024	07-05-2024	Conceder á funcionaria MdelMJS o anticipo de dúas mensualidades do seu haber líquido
591/2024	07-05-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no informe de data 29 de abril. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor 2024/C002/000005 SERV. Adxudicar o contrato menor do «Servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de "Nivel Básico de Prevención de Riscos Laborais", dentro da formación do Plan formativo á licitadora Rocío Leis Lestón, no importe de 5.040,00 euros
592/2024	07-05-2024	Arquivar o expediente incoado a SAS polo exercicio da actividade de almacenaxe de madeira sen licenza municipal na finca sita en Brexo ao quedar acreditado no expediente que o obxecto da denuncia quedou regularizado coa presentación da comunicación previa
593/2024	07-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ACF para corrixir a situación de risco para o tránsito peonil derivada da existencia dun sumidoiro de recollida de augas pluviais na fronte dun dos accesos ao interior da nave existente en Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
594/2024	07-05-2024	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar BCCV na nave sita no polígono industrial do Espírito Santo, consistentes na substitución de varias pranchas onduladas de uralita por outras

		translúcidas, carecedo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
595/2024	07-05-2024	Conceder a a licenza municipal solicitada para a ocupación de 28 m ² de vía pública na rúa Pígara, parroquia do Temple, dende o 24 de abril ata o 24 de xuño de 2024, con motivo das obras de reparación e pintado da fachada, retirada das placas de fibrocemento existentes e colocación de panel sándwich na cuberta, e pintado do patio de luces do edificio sito na rúa Pígara, parroquia do Temple. Solicitante: MATA
596/2024	08-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
597/2024	08-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
598/2024	08-05-2024	Suspender definitivamente a actividade de taller que se está a realizar no local sito en Sigrás, ao non ter presentado a documentación requirida para a súa regularización, e carecer polo tanto de título habilitante para o seu exercicio, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
599/2024	08-05-2024	Delegación da presidencia efectiva da Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura
600/2024	08-05-2024	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao trimestre cuarto de 2023
601/2024	08-05-2024	Liquidación do orzamento de 2023
602/2024	08-05-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 2003,35 euros
603/2024	08-05-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe de 2.218,46 euros con reparos da Intervención municipal
604/2024	08-05-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13 de maio de 2024
605/2024	09-05-2024	Adxudicar, mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre á "Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 30,89 euros (sen IVA) e prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sen IVA) en función do grado de execución das partidas do presuposto achegado pola empresa
606/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LJA
607/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EMRF
608/2024	09-05-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por JNL contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Servizos 14 de decembro de 2023
609/2024	09-05-2024	Designar a tres axentes da policía local para que colaboren na cobertura dos colexios electorais, durante toda a xornada electoral do día 9 de xuño de 2024
610/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada o 07/12/2023 destinada ao pagamento dunhas lentes correctoras por importe de 139 euros, segundo o artigo 13 da ordenanza. Solicitante: NCS
611/2024	09-05-2024	Considerar desistida a ACG da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/10/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
612/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YdeIVMC

6.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á modificación da composición da mesa de contratación do expediente 2023/C004/000015, e xustifica a urxencia do asunto pola necesidade de modificar a composición da mesa de contratación do expediente 2023/C004/000015 que terá lugar o vindeiro mércores, día 15 de maio de 2024.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado e é aprobada por unanimidade.

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE 2023/C004/000015

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024 (CVD: lawe6+DftCtVBsmelSPq), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo relativo á aprobación do expediente para a contratación do “Servizo de colaboración no desenvolvemento de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre organizados polo Concello de Cambre”, mediante o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada (con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), expediente número 2023/C004/000014, designando como membros da Mesa de Contratación no citado expediente a:

- Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos don Juan González Leirós.

- Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
- A interventora, dona Lucía Mata Rodríguez e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
- A técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López.
- O animador deportivo, Miguel Gamallo Ponte e, como suplente, a animadora deportiva, Pilar Andujar Larios.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de secretaría, dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, e o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando Manuel Garrido Negreira.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación do expediente 2023/C004/000015 e nomear presidente da mesa ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, don Daniel Mallo Castro, manténdose o resto dos nomeamentos nos mesmos termos.

Segundo.- Notificar ao interesado e publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público onde se atopa aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024 (CVD: lawe6+DftCtVBsmelSPq), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo